



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Motivación e emoción en contextos educativos	Código	652438005	
Titulación	Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	Valle Arias, Antonio	Correo electrónico	antonio.valle@udc.es	
Profesorado	Valle Arias, Antonio	Correo electrónico	antonio.valle@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Nesta asignatura abórdase o estudo das variables afectivo-motivacionais que teñen unha maior relevancia en contextos educativos. Preténdese que os alumnos/as coñezan as principais aportacións teóricas e as liñas de investigación máis relevantes no campo da motivación e a emoción.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Os contidos non sufren ningunha modificación sustancial. De todos modos, incidirase en todo momento na comprensión por parte do alumnado daqueles contidos centrais e máis importantes da asignatura, o cal será unha prioridade nas sesións de Teams e tamén a atención personalizada do alumnado.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>As metodoloxías mantéñense, aínda que cambia na maior parte delas o formato de presentación das mesmas (que se indica a continuación)</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Sesión maxistral: sesión semanal a través de Teams para presentación e discusión de contidos.</p> <p>A análise de fontes documentais e o desenvolvemento de traballos tutelados farase mediante traballo non presencial, acordando co alumnado, si é necesario, ter algunha sesión de titoría para estes traballos tutelados. O profesor responsable da materia recepcionará para a súa avaliación a través de mail estes traballos unha vez rematados.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Ademais de estar a disposición do alumnado nas titorías que se soliciten vía Teams, manterase aberto o contacto vía mail co alumnado.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Mantéñense as liñas xerais da avaliación, aínda que se establece algún pequeno cambio que se indica a continuación.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>A proba de resposta múltiple desenvolverase vía online, a través de Teams, na data oficial dos exames que marca o Mestrado.</p> <p>O resto de actividades obxecto de avaliación serán enviadas polo alumnado vía mail, previo acordo con eles das datas previstas de envío de traballos.</p> <p>O resto de actividades obxecto de avaliación serán enviadas polo alumnado vía mail, previo acordo con eles das datas previstas de envío de traballos.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Sen modificacións</p>			



Competencias do título

Código	Competencias do título
A3	Ser capaz de elaborar un informe científico que implique definir un problema de investigación, as hipóteses e variables asociadas, así como definir o deseño, a mostra e o seu modo de selección, as ferramentas de recollida de datos e a súa consecuente análise e discusión.
A12	Adquirir un coñecemento teórico básico sobre o estado da arte nas diferentes áreas implicadas na psicoloxía aplicada.
A13	Coñecer e ser capaz de utilizar os diferentes modelos, teorías, métodos e técnicas de avaliación e intervención que son específicos dos distintos ámbitos da investigación en Psicoloxía Aplicada e desenvolver unha actitude crítica propia do espírito científico.
A14	Ser capaz de analizar a documentación bibliográfica necesaria para un traballo de investigación.
A15	Ser capaz de analizar criticamente as publicacións científicas.
A16	Adquirir os coñecementos e destrezas necesarias para a exposición e defensa dun traballo de investigación.
A17	Ser capaz de comunicar os resultados dunha investigación.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Capacidade de organización e planificación.
B3	Traballo en equipo.
B6	Razoamento crítico.
B8	Aprendizaxe autónoma.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
	AI	BI	CM
Descibir e avaliar as variables motivacionais e emocionais que inciden na aprendizaxe	AI12 AI13	BI1	CM1
Valorar criticamente as aportacións dos principais modelos teóricos no campo da motivación e a emoción	AI12 AI13 AI15	BI1 BI3 BI6 BI8	CM6
Analizar a investigación motivacional e emocional en contextos educativos		BI1 BI2 BI3 BI6 BI8	CM1 CM6 CM8
Adquirir os coñecementos e destrezas necesarias para definir problemas, deseñar investigacións, analizar os datos e redactar informes científicos no campo da motivación e as emocións en contextos educativos	AI3 AI14 AI15 AI16 AI17	BI1 BI2 BI6	CM1 CM6 CM7 CM8

Contidos

Temas	Subtemas
O cognitivo e o afectivo no proceso de aprendizaxe	A dimensión cognitiva da aprendizaxe A dimensión afectiva da aprendizaxe
O compoñente motivacional de expectativa	O autoconceito A autoeficacia



O compoñente motivacional de valor	O valor das tarefas As metas académicas
O compoñente afectivo da motivación	Atribucións causais Reaccións emocionais
A investigación motivacional e emocional	Principais liñas de investigación Análise e valoración de investigacións

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A15 A14 A13 A12 B6 B8 C1	12	10	22
Análise de fontes documentais	A17 B1 B2 B3 B6 B8 C8	3	12	15
Traballos tutelados	A3 A16 B3 B6 B8 C6 C7	4	12	16
Proba de resposta múltiple	A12 A13 B1 B2 B8	1	19	20
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral dos principais contidos da materia coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Análise de fontes documentais	Utilización de documentos bibliográficos relevantes para a temática da materia con orientacións para a análise dos mesmos.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados. Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas".
Proba de resposta múltiple	Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba de resposta múltiple Traballos tutelados Análise de fontes documentais	O alumnado terá a atención personalizada que precise, tanto ao longo da docencia presencial como nas horas destinadas a tutoría.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	A12 A13 B1 B2 B8	Resultados obtidos na proba de resposta múltiple que se realizará ao remate da materia	40
Traballos tutelados	A3 A16 B3 B6 B8 C6 C7	Elaboración de traballos referidos á avaliación de variables motivacionais	30
Análise de fontes documentais	A17 B1 B2 B3 B6 B8 C8	Resumo dos documentos bibliográficos traballados nas diferentes sesións	30

Observacións avaliación



Fontes de información

Bibliografía básica

- Valle, A., Rodríguez, S. e Regueiro, B. (2015). Motivación y aprendizaje escolar. Aprendiendo a gestionar la motivación y las emociones. Madrid: CCS
- Cabanach, R.G., Valle, A., Rodríguez, S., Piñeiro, I. e García, M. (2007). Los recursos motivacionales. Programa para mejorar su gestión. Madrid: CEPE
- González, M.C. e Tourón, J. (1992). Autoconcepto y rendimiento académico. Sus implicaciones en la motivación y en la autorregulación del aprendizaje. Pamplona: EUNSA
- Valle, A., Núñez, J.C., Rodríguez, S. e González-Pumariega, S. (2002). La motivación académica. En J.A. González-Pienda, R.G. Cabanach, J.C. Núñez e A. Valle (Coords.), Manual de Psicología de la Educación (pp. 117-144). Madrid: Pirámide
- González, M.C. (1997). La motivación académica. Sus determinantes y pautas de intervención. Pamplona: EUNSA
- Rodríguez, S., Valle, A., Cabanach, R.G. e Núñez, J.C. (2010). Motivar enseñando. La integración de estrategias motivadoras en el currículo escolar. Madrid: CCS
- González, A. (2005). Motivación académica. Madrid: Pirámide
- Pintrich, P.R. e Schunk, D.H. (2006). Motivación en contextos educativos. Teoría, investigaciones y aplicaciones. Madrid: Pearson-Prentice Hall
- Alonso-Tapia, J. (2005). Motivar en la escuela, motivar en la familia. Madrid: Morata.. Madrid: Morata
- Valle, A., Rodríguez, S., Cabanach, R.G., Núñez, J.C., Piñeiro, I., Rosário, P. et al. (2010). Guía de estrategias instruccionales para mejorar la motivación de los estudiantes. Almería: Education & Psychology I+D+i

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías